

# BANDO



## TERMALISMO SOCIAL 2021

### Persoas beneficiarias e requisitos:

- Pensionistas do sistema da Seguridade Social con 60 anos cumpridos (ou 55 no caso de Viuvez), pensionista por outros conceptos ou perceptores de prestacións ou subsidios de desemprego, con 60 anos o máis.
- Persoas con nacionalidade española que residan no estranxeiro e que perciban unha pensión do sistema de Seguridade Social español, con idade igual ou superior aos 65 anos.
- Poderán ser persoas adxudicatarias das prazas, como acompañante o cónxuxe ou parella de feito, e os fillos/as con discapacidade en grao igual ou superior ao 45%.
- Non padecer alteracións de comportamento que impidan a normal convivencia, nin enfermidade infecto-contaxiosa.
- Poder valerse por si mesma/o para as actividades da vida diaria.
- Precisar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica para a recepción dos mesmos.
- Acadar de conformidade coa valoración establecida a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

### Beneficios do Programa:

As quendas terán unha duración de 12 ou de 10 días cada unha comprendendo os seguintes servizos: Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en habitacións dobres de uso compartido; Tratamentos termais que comprenderán: recoñecemento médico ao ingresar no balneario; o tratamento termal que, en cada caso, prescriba o médico do balneario; o seguimento médico do tratamento con informe final; e Póliza colectiva de seguro.

### Documentación:

Se a temporada anterior a persoa solicitou praza e reunía os requisitos para participar no programa, o IMSERSO remitiralle por correo un modelo simplificado para a renovación da súa solicitude.

No resto dos casos:

- Solicitude, na que se cubrirán todos os datos requiridos, tanto da/o solicitante como da/o cónxuxe ou acompañante cando proceda.
- Fotocopia do DNI da/o solicitante e do cónxuxe ou acompañante se procede
- Tipo e importe exacto da pensión mensual

### Prazos de Solicitude:

- ata o **1 de outubro**.

As solicitudes poden rexistrarse dixitalmente persoas interesadas na web do IMSERSO no enlace [https://sede.imserso.gob.es/sede\\_01/proc\\_sede/detalle\\_proc\\_sede/index.htm?id=2](https://sede.imserso.gob.es/sede_01/proc_sede/detalle_proc_sede/index.htm?id=2)

Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello solicitando cita previa, nos teléfonos 986 557125 e 986 564409.

Pontecesures, 2 de agosto de 2021  
O ALCALDE, Juan Manuel Vidal Seage



## CONCELLO DE PONTECESURES

